

## **ACTA DA SESION EXTRAORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL CORRESPONDENTE O DIA 12 DE XUÑO DO 2009.-**

Na Casa Consistorial do Concello de Ribadavia, o día doce de xuño de dous mil nove; a unha e media do mediodía xúntanse os señores que de seguido se sinalan para celebraren a sesión extraordinaria da Xunta de Goberno Local correspondente a esta data: Alcalde-Presidente, Don Marcos Blanco Jorge.- Concelleiros: Don Emilio José Cuiñas Otero, Don José Ignacio Gómez Pérez e Dona Manuela Iglesias Collarte. Non asiste Don. Anxo Collarte Perez-

Está presente o Secretario do concello, Don Pablo Portela Fernández.

Está presente o Interventor do concello, Don Vicente Soto Rodríguez.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde, pásase de seguido ó estudio dos asuntos que conforman a anunciada Orde do Día, que resultan ser os seguintes:

### **1.- ACTA ANTERIOR.-**

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, aproba o borrador da Acta da sesión anterior, que foi a celebrada o pasado 08 de xuño do dous mil nove (Ordinaria).

### **2.- OBRAS MAIORES.-**

Non houbo

### **3.- ESCRITOS DOS SEÑORES CIADÁNS.**

Non houbo

### **4.- ESCRITOS OFICIAIS.-**

Non houbo

### **5.- CUESTIONS ECONOMICAS E ASUNTOS VARIOS.-**

#### **SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN**

Por parte do Sr. Alcalde proponse a solicitude da subvención para a peatonalización, pavimentación, renovación de mobiliario urbano, supresión de barreiras arquitectónicas e isletas enterradas nos núcleos urbanos de Ribadavia e Carballiño, no marco do proxecto Terras do Avia.

Deliberado sobre o particular a Xunta de Goberno Local acorda por unanimidade dos seus membros a adopción dos seguintes acordos:

1º.- A aprobación da memoria valorada “Actuación para mellora do espazo público de Ribadavia” realizado a cargo das Arquitectos Dona Mercedes Alvarez Lopez, Dona Begoña Arregui Rodriguez e Dona Paula Alfonso Laya.

2º.- Solicitar o outorgamento da subvención antedita para a realización do citado proxecto por un importe de 116.621,54 €.

3º.- Comprometerse a consignación de crédito orzamentario suficiente para a parte da actuación que non vai ser obxeto da subvención.

#### **6.- ROGOS E PREGUNTAS QUE SE FORMULEN REGULAMENTARIAMENTE.-**

Non houbo.-

E sendo as dúas e cuarto do mediodía, o Sr. Alcalde, ergueu a sesión, estendéndose a presente, do cal, coma Secretario, certifico.

O ALCALDE    ACCTAL

O SECRETARIO